

as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado na contía de 107.779,56 euros (cento sete mil setecentos setenta e nove euros con cincuenta e seis céntimos) con cargo á partida orzamentaria 2005.14.05.212F.480.0 (proxecto 2003 00513) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

Orde do 7 de xuño de 2005 pola que se modifica a do 28 de decembro de 2004 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado.

A Orde do 28 de decembro de 2004 da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, publicada no DOG nº 4, do 7 de xaneiro de 2005, sinala no seu artigo 3º que as subvencións se farán efectivas no seu día, con cargo á aplicación orzamentaria 2005.14.05.212F.460.0 (proxecto 2003 00512) cun importe de 396.162,00 euros destinados ás subvencións reguladas por esta orde.

Recibida unha achega do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co obxecto de propiciar a realización de programas en desenvolvemento do Plan Nacional do Voluntariado no ámbito autonómico, faise necesario modificar a orde de axudas no que respecta á contía económica.

De acordo con todo o anterior, e no exercicio das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988 e o Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Ampliar o importe da contía máxima da Orde do 28 de decembro de 2004 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado na contía de 73.865,04 euros (setenta e tres mil oitocentos sesenta e cinco euros con catro céntimos) con cargo á partida orzamentaria 2004.14.05.212F.460.0 (proxecto 2003 00512) dos

orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segundo.-A presente modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Orde do 10 de xuño de 2005 pola que se regulan as bases para a convocatoria de axudas aos traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos no sector téxtil e da confección de Galicia para o ano 2005.

Con data do 24 de maio de 2005, asinouse o acordo entre a Xunta de Galicia e o Observatorio Industrial Téxtil, en materia de axudas á formación para as empresas que se acollan o Acordo marco do 21 de novembro de 2003, suscrito entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o Observatorio Industrial Téxtil, que tiña como obxectivo prioritario favorecer a creación de emprego estable, potenciar a empregabilidade dos traballadores do sector mediante o deseño de instrumentos formativos que garantan a perfecta adecuación do capital humano ao novo contorno empresarial, así como manter o ritmo investidor en innovación e fomento da investigación técnica como factor esencial da competitividade.

A finalidade do devandito acordo é establecer medidas de apoio ás empresas do sector que contén cun 80% ou máis de emprego estable, destinadas a favorecer a adecuación do sector ao novo escenario de competencia existente tras a plena liberación da industria téxtil e de confección materializada a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Esta liña de axuda diríxese aos traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos de traballo, que se autoricen a empresas do sector téxtil e da confección situadas en Galicia, co obxectivo de mellorar a súa formación e cualificación durante o período de suspensión dos contratos.

En consecuencia, tendo en conta as normas establecidas no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; Lei

38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia;

Por todo o exposto e en uso das facultades que me son atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras para outorgar axudas aos traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección de Galicia, e abrir a convocatoria para a presentación de solicitudes para o ano 2005.

2. A convocatoria das subvencións previstas nesta orde non se realizará mediante réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-Natureza das axudas.

Serán obxecto desta convocatoria, as axudas dirixidas aos traballadores das empresas do sector téxtil e da confección situadas en Galicia, afectadas por expedientes de suspensión de contratos de traballo, coa finalidade de que se completen as prestacións por desemprego que os traballadores afectados perciban durante o período de suspensión ata acadar como máximo o 100% dos seus salarios netos.

Artigo 3º.-Beneficiarios e requisitos.

Poden ser beneficiarios destas axudas os traballadores das empresas do sector téxtil situadas en Galicia, afectadas por expedientes de suspensión de contratos de traballo, que non estean incurso nas circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a empresa estea afectada por un expediente de suspensión de contratos de traballo autorizado antes do 31 de outubro de 2005.

Os expedientes de suspensión dos contratos de traballo terán unha duración máxima de 3 meses ao ano, e serán autorizados por resolución do órgano competente da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, sen que un mesmo traballador poida ver suspendido o seu contrato de traballo máis de dúas veces durante a vixencia do acordo entre a Xunta de Galicia e o Observatorio Industrial Téxtil, en materia de axudas á formación para as empresas que se acollan ao Acordo marco do 21 de novembro de 2003, suscrito entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o Observatorio Industrial Téxtil, asinado con data do 24 de maio de 2005. Nos expedientes de suspensión dos contratos de traballo debe constar de forma expresa a súa inclusión dentro do ámbito de aplicación do acordo de referencia.

b) Que a empresa conte cun cadro de persoal de traballadores fixos igual ou superior ao 80%.

c) Que a empresa, xunto coa solicitude do expediente de suspensión de contratos de traballo achegue e garanta a execución dun plan de formación para os traballadores afectados que responda ao obxectivo de mellorar a súa formación e cualificacións profesionais, coa finalidade de que poidan dispor de medios de readaptación para novos procesos produtivos. O dito plan, que deberá ser informado pola comisión de control e seguimento constituída polo Observatorio Industrial Téxtil, impartirase durante o período de suspensión referido e deberá cumprir os seguintes requisitos:

1. Obxectivo do plan, coa denominación e descripción das accións formativas que se inclúe nel.

2. Duración mínima por traballador de 60 horas mensuais ou a proporción correspondente a todo o período de suspensión de contratos. Os períodos formativos non poderán superar as 8 horas diarias.

3. Calendario previsto para a súa execución, detallando a distribución temporal e os traballadores aos que afecta cada sección formativa.

4. Perfil do profesorado previsto.

5. Metodoloxía que se vai seguir e medios pedagóxicos previstos.

6. Lugar previsto para impartir as accións formativas.

7. Aceptación expresa da representación dos traballadores ou, no caso de non existir esta, aceptación expresa dos traballadores afectados.

Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes de axuda poderán ser formalizadas polo traballador ou pola empresa afectada polo expediente de suspensión de contratos, en calidade de representante do traballador acreditada de acordo co disposto no punto 3º do artigo 32, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo os modelos oficiais que se anexan a esta orde.

2. As solicitudes dirixiranse á respectiva delegación provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais atendendo ao lugar onde radique o centro de traballo afectado polo expediente de suspensión de contratos de traballo. No suposto de tratarse de empresas con centros de traballo afectados en varias provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, as solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Relacións Laborais da devandita consellería. Todo o anterior sen prexuízo do establecido no artigo 38.4º da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

a) Copia compulsada do NIF dos traballadores solicitantes ou ben documentación acreditativa da representación que representa a empresa que formula a solicitude no nome do traballador, segundo o anexo II a esta orde.

b) Ficha de solicitude de transferencia bancaria segundo o anexo IV a esta orde.

c) Certificación da entidade bancaria acreditativa de que o traballador beneficiario é o titular da conta corrente que indica.

d) Certificado da empresa dos datos persoais, profesionais e de cotización dos traballadores afectados, no que se faga constar a contía da prestación por desemprego a que teña dereito cada traballador.

Así mesmo, deberanse indicar aqueles traballadores que non teñan dereito a percibir prestacións por desemprego, así como aqueles aos que, segundo o cálculo realizado, lles deban ser de aplicación os topes máximos previstos na normativa vixente.

e) Copia compulsada das nóminas dos traballadores afectados, debidamente asinadas polos traballadores, ou documento acreditativo no que conste o seu pagamento efectivo, correspondente aos tres meses anteriores á presentación da solicitude.

f) Certificado da empresa de que conta cun cadro de persoal de traballadores fixos igual ou superior ao 80%.

g) Declaración expresa dos traballadores beneficiarios de submisión ás actuacións de control que acorde a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda así como as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e declaración de non ter percibido ningunha outra axuda pública para o mesmo fin.

h) Declaración dos traballadores beneficiarios de non estar incurso nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social. O documento relativo ás obrigas tributarias poderá ser substituído por unha autorización á Comunidade Autónoma de Galicia para obter a dita información.

Artigo 5º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes iniciárase o día seguinte ao da entrada en vigor desta orde e rematará o 15 de novembro de 2005, debendo formalizarse a correspondente solicitude dentro do prazo de 15 días desde a data da autorización do expediente de suspensión dos contratos de traballo.

En todo caso respectarase o prazo mínimo de 40 días naturais establecido na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Artigo 6º.-Financiamento.

A cantidade destinada a esta liña de axudas para a convocatoria do ano 2005 é de 70.000 euros (setenta mil euros) que se financiará con cargo a partida orzamentaria 16.05.214A.481.0 dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2005.

Artigo 7º.-Criterios para a determinación do importe das axudas.

1. A contía da compensación económica para cada traballador será de 8 ou 11 euros diarios, en función da súa prestación por desemprego. Concederáselles, unha axuda de 11 euros diarios aos traballadores que non perciban prestacións por desemprego, e a aqueles aos que, no cálculo realizado polo Servizo Público de Emprego para o aboamento das súas prestacións por desemprego, lles foran aplicados os topes máximos previstos na normativa vixente. Concederáse unha axuda de 8 euros ao resto de traballadores.

2. A contía resultante nunca poderá superar, xunto coa prestación de desemprego percibida, a cantidade equivalente ao salario neto do traballador por xornada ordinaria resultado do promedio dos últimos tres meses, con exclusión das pagas extraordinarias.

Artigo 8º.-Procedemento de concesión de subvención: instrución e resolución.

1. Apróbase a delegación de competencias nos delegados provinciais e no director xeral de Relacións Laborais para a resolución dos expedientes de concesión destas axudas.

Recibida a solicitude e comprobado que cumpre os requisitos establecidos nesta orde, o delegado provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais competente atendendo ao lugar onde radique o centro de traballo afectado polo expediente de suspensión de contratos de traballo, ou o director xeral de Relacións Laborais, no suposto de tratarse de empresas con centros de traballo afectados en varias provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, ditará a correspondente resolución, que deberá ser notificada ao solicitante.

2. A resolución dos expedientes deberá notificarse no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude.

3. Contra as resolucións ditadas ao abeiro desta orde, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir da súa notificación.

Artigo 9º.-Xustificación e forma de pagamento.

1. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención e previamente ao seu pagamento, o solicitante terá que facer constar por escrito a acep-

tación expresa da subvención concedida. A dita aceptación expresa deberá presentarse no prazo de quince días desde a notificación da resolución de concesión.

2. A xustificación das axudas subvencionadas, que en todo caso, deberá achegarse dentro dos quince días seguintes á finalización do prazo de suspensión, realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

1) Certificación acreditativa da formación recibida polos traballadores afectados polo expediente, durante o período de suspensión, expedida pola entidade formativa ou os formadores que a impartiran, co visto e prace da empresa.

2) Certificación da empresa do período total de suspensión de emprego consumido por cada traballador e da correspondente prestación por desemprego, para isto deberá achegar a seguinte documentación:

a) Certificado de vida laboral de cada traballador, emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, actualizado ao último día de suspensión de emprego consumido ou á data máxima de xustificación da axuda.

b) Certificación do Servizo Público de Emprego das cantidades percibidas en concepto de prestación por desemprego por cada un dos traballadores afectados.

3) Declaración do beneficiario de non ter concedida nin percibida ningunha outra axuda pública para o mesmo fin.

4) Declaración do beneficiario de que a documentación que se presente para o efecto de xustificar o gasto subvencionado non foi nin será presentada como xustificación para a concesión doutras axudas por calquera outra Administración ou institución pública.

5) Certificado acreditativo de que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas tributarias (no caso de non ter autorizado á Comunidade Autónoma de Galicia para solicitar tal documento, conforme o establecido no artigo 4.3º h) desta orde) e coa Seguridade Social.

3. En todo caso, as ditas xustificacións poderanse complementar cos medios previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde, ordenarase o pagamento da subvención.

Artigo 10º.-Obrigas dos beneficiarios.

Sen prexuízo das obrigas establecidas nesta orde, e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro,

xeral de subvencións, constitúen así mesmo obrigas dos beneficiarios das axudas:

1. Facilitar toda a información que lles sexa requirida polas delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas, así como por calquera outro órgano que resulte competente no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Estas axudas serán incompatibles con calquera outra outorgada para o mesmo fin.

Artigo 11º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

Cando se produza o incumprimento de calquera das obrigas previstas nesta orde ou se dea calquera dos supostos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida, nos termos e coas condicións sinalados na citada lei.

Disposición adicional

Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o establecido no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Relacións Laborais para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-En todo o non regulado nesta orde aplicarase de forma supletoria o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia así como a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2005.

Belén Prado Sanjurjo
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego
e Relacións Laborais

ANEXO I - A



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

PROCEDIMENTO AXUDAS AOS TRABALLADORES AFECTADOS POR EXPEDIENTES DE SUSPENSIÓN DE CONTRATOS NO SECTOR TÉXTIL E DA CONFECCIÓN DE GALICIA PARA O ANO 2005	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO AS821B	DOCUMENTO SOLICITUDE DO TRABALLADOR
--	---	---

DATOS DO TRABALLADOR

NOME			NIF
ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL			NIF/CIF
DOMICILIO SOCIAL			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/FAX
ACTIVIDADE ECONOMICA (DESCRICIÓN)			CNAE

DECLARA QUE:

- A) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- B) Non se percibe ningunha outra axuda pública para este fin.
- C) Comunicaralle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polo beneficiario e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- D) Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos de Administración do Estado, así como calquera outro órgano que resulte competente.
- E) Non se incorre nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SOLICITA:

Nos termos descritos na documentación que se xunta, relacionada no anexo III, as subvencións indicadas na parte superior.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 10 de xuño de 2005 pola que se regulan as bases para a convocatoria de axudas aos traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos no sector téxtil e da confección de Galicia para o ano 2005.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado/a provincial de _____

ANEXO I - B

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

PROCEDEMENTO AXUDAS AOS TRABALLADORES AFECTADOS POR EXPEDIENTES DE SUSPENSIÓN DE CONTRATOS NO SECTOR TÉXTIL E DA CONFECCIÓN DE GALICIA PARA O ANO 2005	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS821B	DOCUMENTO SOLICITUDE DA EMPRESA
--	---	---

DATOS DA EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
DOMICILIO SOCIAL			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/FAX
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)			CNAE

CENTROS DE TRABALLO AFECTADOS

PROVINCIA	LOCALIDADE	DOMICILIO	Nº TRABALLADORES AFECTADOS

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/FAX

TRABALLADORES PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA

APELIDOS	NOME	NIF	CENTRO DE TRABALLO

SOLICITA:

Nos termos descritos na documentación que se xunta, relacionada no anexo III, as subvencións indicadas na parte superior.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 10 de xuño de 2005 pola que se regulan as bases para a convocatoria de axudas aos traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos no sector téxtil e da confección de Galicia para o ano 2005.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA / / DATA DE EFECTOS / / DATA DE SAIDA / /
SINATURA DO SOLICITANTE de de 2005	Delegado/a provincial de _____	

ANEXO II

DECLARACIÓN DO TRABALLADOR BENEFICIARIO NO CASO DE QUE SOLICITE A AXUDA A TRAVÉS DA EMPRESA

DATOS DO TRABALLADOR

NOME		NIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO

DECLARA QUE:

- A) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- B) Non se percibe ningunha outra axuda pública para este fin.
- C) Comunicaralle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polo beneficiario e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- D) Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos de Administración do Estado, así como calquera outro órgano que resulte competente.
- E) Non se incorre nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- F) Autoriza a empresa _____ para que no seu nome e representación solicite as axudas establecidas na presente orde.

_____, ____ de _____ de 200 ____
Sinatura

ANEXO III

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/>	A) COPIA COMPULSADA DO NIF DO TRABALLADOR SOLICITANTE OU BEN DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN QUE DESEMPEÑA A EMPRESA QUE FORMULA A SOLICITUDE NO NOME DO TRABALLADOR. SEGUNDO O MODELO DO ANEXO II.
<input type="checkbox"/>	B) FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA. SEGUNDO ANEXO IV.
<input type="checkbox"/>	C) CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVA DE QUE O TRABALLADOR BENEFICIARIO É O TITULAR DA CONTA CORRENTE QUE INDICA.
<input type="checkbox"/>	D) CERTIFICADO DA EMPRESA DOS DATOS PERSOAIS, PROFESIONAIS E DE COTIZACIÓN DOS TRABALLADORES AFECTADOS, NO QUE SE FAGA CONSTAR A CONTÍA DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO A QUE TEÑA DEREITO CADA TRABALLADOR. ASÍ MESMO, DEBERANSE INDICAR AQUELES TRABALLADORES QUE NON TEÑAN DEREITO A PERCIBIR PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO ASÍ COMO AQUELES AOS QUE, SEGUNDO O CÁLCULO REALIZADO, LLES DEBAN SER DE APLICACIÓN OS TOPES MÁXIMOS PREVISTOS NA NORMATIVA VIXENTE.
<input type="checkbox"/>	E) COPIA COMPULSADA DAS NÓMINAS DOS TRABALLADORES AFECTADOS, DEBIDAMENTE ASINADAS POLOS TRABALLADORES, OU DOCUMENTO ACREDITATIVO NO QUE CONSTE O SEU PAGAMENTO EFECTIVO, CORRESPONDENTE AOS TRES MESES ANTERIORES Á PRESTACIÓN DA SOLICITUDE.
<input type="checkbox"/>	F) CERTIFICADO DA EMPRESA DE QUE CONTA CUN CADRO DE PERSOAL DE TRABALLADORES FIXOS IGUAL OU SUPERIOR AO 80%.
<input type="checkbox"/>	G) DECLARACIÓN EXPRESA DOS TRABALLADORES BENEFICIARIOS DE SUBMISIÓN ÁS ACTUACIÓNS DE CONTROL QUE ACORDE A CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS, E ÁS DE CONTROL FINANCEIRO QUE LLE CORRESPONDAN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA ASÍ COMO AS PREVISTAS NA LEXISLACIÓN DO TRIBUNAL DE CONTAS E DO CONSELLO DE CONTAS.
<input type="checkbox"/>	H) DECLARACIÓN DOS TRABALLADORES BENEFICIARIOS DE NON ESTAR INCURSOS NAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ART. 13.2 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIONS, E DE ESTAR AO CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL. O DOCUMENTO RELATIVO ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS PODERÁ SER SUBSTITUÍDO POR UNHA AUTORIZACIÓN Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA OBTEN A DITA INFORMACIÓN.

ANEXO IV

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DO TRABALLADOR BENEFICIARIO

NOME		NIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CODIGO POSTAL	

DATOS BANCARIOS

ORDINAL BANCARIO	CODIGO DO BANCO	CODIGO DA SUCURSAL	CODIGO DA CONTA
NOME DO BANCO		ENDEREZO (RUA E NUMERO)	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CODIGO POSTAL	